

A PALABRA E OBRA

Contra o frío. Antes eran as memorias e as aventuras dos máis vellos e sabidos ao carón do lume da lareira. Cumpríanse os pronósticos de convencer ao inverno da nosa resistencia. Arestora son as TVs quen mandan no solar da casa e nos andares vilegos e urbanitas. Falan elas/eles, co poderío das audiencias. E a miseria do silencio come a ledicia das conversas e nubra os ollos para que a opinión de noso non exista senón domesticada. Fronte a esta panorámica érguense as voces da herdanza palabreira, en conto e canto, coma en sábado pasado na Solaina dos Forxadores de Piloño: Celso Fernández Sanmartín e Begoña Fernández Lorenzo. Era un agasallo maior que larpaba as horas e sabía a pouco. Risa e sentimento en resposta aos contidos da oralidade feita a pé de obra, na casa dos avós e das avoas, ese patrimonio que sempre se agradece cando un estima fronte aos que non aman. Fáganme caso por unha vez: apaguen as voces dos lerchos e das lerchas do corazón e da picaresca mediática e veñan de recalada á maxia dos contacontos e da música da fala en directo. Están aquí na Terra do Medio, coma en tantos outros lugares de Galiza, e non sabemos quen son en éxitos e agradecementos de nos dar a risa por ferrados, a emoción e as estimas que nos cómpren. Celso vai de madrugueiro da memoria a fornecer de compañía e de ledicias aquelas vidas da mal nominada terceira idade, ese eufemismo hipócrita: son elas/eles os anciáns da tribo, as fontes de beber, os alimentos. E procuran Celsiño para falar, ese desabafo necesario; e el recolle, nutre o seu baúl de contacontos e de biografías para que nós saibamos. Na outra banda, Begoña espolica as palabras no aire dunha música antiga, milenaria: é a voz fermosa que sae da Terra de Camba e vai en medras pola ribeira dos corpos, coma unha danza que arrequece; voz noviña que tanto sabe a primavera de marzo e de outono, un encanto.

E neste sábado “Debotos”, o voceiro que nace na aldea labrega, lugar de referencias soñadoras, arte a esgalla, colo e berce de Wily e de Laxeiro, as últimas despedidas. Pois na parroquia hai quen fale aínda dende a escrita das sesenta páxinas para contar na nosa lingua o cadaquén da historia e sintonías. O outro galano da trepia da mornura e de cariño na espera do solsticio, cando a noite de pasar é grande.

Xosé Vázquez Pintor